

Narrativa

Ficar só¹

Joaquín Rubio Tovar

Elsa morreu mentres durmía e aínda pasarían moitas horas até que o vello dera aviso na vila. Ninguén sabe o que fixo durante todo ese tempo. O médico escribiu no certificado que levaba un día morta. Os servizos sociais do concello visitaron o vello poucos días despois do funeral e non o encontraron tristeiro ou abatido. O psicólogo e a asistente social animábano para que se deixase caer polo *Fogar do xubila-do*, mais o vello e Elsa sempre viviran no casarío e el non ía mudar de costumes agora. Non eran xente sombría ou estraña e colaboraban en todo o que se lles pedía, mais gostaban do casar, da horta e non lles prestaba moito saír. Non había motivo para que o vello baixase á vila, non sendo pola soidade, mais el sempre dicía que tiña moitas cousas que facer. Cando lle pedían que lles falara das súas obrigas, teimaba sempre no mesmo: os traballos da viña.

No inverno, os servizos sociais petaban todas as semanas na súa porta por se precisaba algo. En primavera e en outono xa se deixaba ver máis, pois traballaba na horta e era fácil encontralo podando ou apañando cogomelos nos piñeirais. Se mudaban de traballador social ou era época de eleccións, adoitaban facerlle unha visita ao vello, que sempre estaba ben e nunca precisaba nada. «Ten que baixar máis á vila», dicíalle, e el aseguraba que si, que ía baixar máis; porén, non gostaba nada das partidas no *Fogar* e tiña a comida que necesitaba. Falaba pouco e cando conseguían tirarlle algunha

palabra era para escoitar o discurso esperábel dun agricultor vello: «Unha nube levou as flores da pereira» ou «se non chove axiña logo non haberá cogomelos», e pouco máis.

Cando chegaba o verán, costumaba ir ás tendas de abastos e ofrecía unhas garrafas de viño das súas viñas, que era moi aprezado na vila. O problema é que facía pouca cantidade, de modo que antes de baixar coa súa carga, algúns ían procuralo e reservaban unhas cantas garrafas. Outros achegábanse ás agachadas ao seu pequeno terreo para ver como coidaba o viñado. Non había misterio na poda ou nos fertilizantes, de modo que pensaban que o segredo residía nalgunha substancia que lle botaba ou nas barricas que construía el mesmo.

Após a morte de Elsa ninguén entrara na súa casa, polo que tampouco ninguén sabía en que condicións estaba nin como os invernos tiñan mudado as estancias, as cores do mobiliario, e como tiñan medrado os musgos coas chuvias verdes de outono. Ninguén coñecía o peso da soidade nin as tonalidades do silencio da casa; ninguén podía imaxinar o lento camiño cara á porcallada percorrido pola inercia do vello. Ía mal afeitado e saíalle un tufo de pelos brancos polo nariz e polas orellas, aínda que de certo mantiña a cabeza no seu lugar. Era cordial e contaba cousas curiosas. Para tirar a humidade dos ósos levaba dúas castañas de árbore masculina nos petos: «Hai que levar dúas, non unha; e cando secan, hai que meter dúas

¹ Relato publicado en *Quedarse solo* (El Genio Maligno, Series Minor 4, 2015). Tradución de R. Pichel.

castañas novas, mais non guindar as vellas, porque as castañas nos din cousas. Polo menos hai que levar un mes as vellas e as novas no mesmo peto. No dereito ou no esquerdo, tanto ten, mais sempre no mesmo».

Falaba cun convencemento extraordinario e non debía tomarse a broma, porque o vello acertaba sempre. Un dos que o visitaban preguntoulle unha vez se as castañas había que levalas peladas e el respondía que levar as castañas con pinchos era para outra cousa, que de primeiras incordiaba, mais que logo amolecían e entón as castañas sen pelar valían para tirar a saudade e outras enfermidades da alma. O vello dicía que as árbores e as plantas sandaban.

—Olla, e se tes as mans inchadas pola reuma, déixate picar por unhas abellas, que che vai facer ben.

Un día viñeron uns técnicos da comunidade interesados pola denominación de orixe dos caldos da zona. Na taberna déronlles a probar unha das garrafas do vello. Non beberon só os técnicos, mais tamén uns viaxantes do Ministerio de Comercio, e ficaron todos abraizados.

—E este viño faino un vello de por aquí?

—Pois fai, si.

—E non ten denominación de orixe, nin tan sequera lle pega unha etiqueta na garrafa?

—Nadiña de nada, e todos os anos igual.

Os viaxantes e os técnicos non perderon o tempo. Foron ver o vello e preguntáronlle polo viño.

—Fago pouco —respondeu el—, xa case non fago.

—E por que non fai máis?

—E con vender cen garrafas xa non preciso máis. Con iso e a horta xa teño dabondo e podo dedicarme a outra cousa.

—Pódenos dicir como fai o viño?

—Con uva, devagar, e logo déixoo nunhas barricas —dixo como se revelase o maior segredo de todos os tempos.

—E de que son as barricas?

—De árbores do bosque.

—Cales?

—Eu é que non me sei os nomes. Hai anos, cando vivía miña muller, viñan cos ventos unhas sementes. Xa non voltaron. Agora os ventos veñen moi quentes e non traen nada. Agora anda todo moi revolto: os ventos, as

nubes, a auga. A miña señora gardaba aquelas sementes e plantábaas. Ela si que sabía os nomes. Ademais, conseguía enxertar árbores froiteiras para facer que a madeira ulise mellor, e logo saían froitos e todo. Teño algún licor tamén de frutais, queren probalo?

Entraron na casa do vello, que era como unha continuación do prado; sentíase mesmo a humidade e as súas cores. O vello conduciunos cara á adega tras percorrer un labirinto de escadas.

—Ten un acceso ben enleado, comentou un viaxante.

—Ten, si. É que un día naceu unha árbore dun dos armarios que encargou a miña señora e xa non se pode pasar por riba.

—Como di?

—Teño unha árbore moi xeitosa na casa. Éche o máis bonito que teño.

—E como é iso?

—Pois a tarde antes de morrer, ela estivera podendo unha das maceiras, uns marmelos e outras árbores que tiñamos na horta. Cando rematou púxose a dobrar sabas e mantas, e colocounas no roupeiro aínda coas mans de podar, sen lavalas nin nada. Unha mañá estaba eu no taller e escoitei que se abría o armario. Non o abrira desde que morreu. Subín ver o que pasaba e reparei nunha póla da árbore que medraba dentro e saía entre as portas. Se cadra unha das sementes das árbores que ela traía nas mans xermolou entre as sabas.

—E que fixo?

—E que vou facer? Deixar medrar a árbore. Iso é cousa dela e todo o dela eu sempre o respectei.

De repente, o vello detívose e dixo:

—Lémbrome dela todos os días cando saio á horta. Mágoa non ter podido estar máis con ela, envellecer xuntos...

—E a árbore está dentro?

—Está, si. Deixeiño medrar, mais non sei cal é a especie. Fixen licor coas súas ramas, chaméino Licor de Elsa. Sabe a ela cando o bebas.

—Podemos ver a árbore? —preguntou o comercial.

—Poden, mais logo hai que dar de novo a volta para ir á adega.

Desde un tramo de escaleira viron, certamente, como un tronco máis que mediano saía

dun armario, atravesaba o cuarto e saía case xa por unha xanela.

—Non debe ser saudábel vivir así.

—E non fai dano ningún —asegurou o vello.

—Podemos ir á adega?

—Podemos.

Volveron subir e baixar escadas e chegaron por fin á gruta. O vello ensinoulles unhas barricas que se afundían nunha profundidade húmida e escura.

—Aquí teño varios licores —dixo o vello.

—De que?

—Pois viño para min e licores de herbas; un que chamo licor de paxaros, outro licor de Elsa, licor do bosque. Probo novos sabores.

—Licor de paxaros?

—Sabe como cando os ves voar.

—Daríanos a probar?

O vello sacou uns vasos e colleu unhas garrafas da lacena.

—É mellor beber no prado —dixo el.

Saíron á intemperie e alí o vello abriu a primeira garrafa.

—Este é licor de prado. Ulan vostedes primeiro o prado, póñanse baixo a figueira, achéguese á laranxeira, paseen un pouco pola horta e despois bebede.

Estiveron escoitando as historias do vello e ulindo alí onde lles dicía. Despois beberon o caldo e sentiron no seu padal o prado enteiro.

—Este é o mellor, é o viño do mar ao lonxe. É un viño tristeiro... Eu cando era mozo ía pescar a miúdo... despois veu a artrose e xa non puiden seguir. Ademais, miña muller agardaba por min no porto, e agora xa non está... e desde entón eu xa non vou. Por iso é o mar ao lonxe.

—E vostede non faría máis botellas das que produce?

—Non, non preciso máis.

—Mais na vila se cadra si que precisan máis.

—Chéganlles ben co que eu lles dou.

—Pero se vostede dá máis, a cantina venderá máis e iso é bo para a eles, para a vila, para todos.

—Iso non che é bo para ninguén.

Preguntáronlle e volvéronlle preguntar, mais el non deixaba de falar das súas cousas, algunhas ben curiosas, pois dicía que falaba coas árbores.

—A madeira tóstase, cómbase ao lume e iso dálle sabores ao viño. Logo, cando se secan ao vento, médralles un fungo que lles dá un arrecendo ben xeitoso. Préstame usar a madeira das árbores mortas para facer toneis.

—Pois se hai que agardar a que morra a árbore...

—Haiche xa varias que están para morrer.

—E iso como o sabe?

—Porque mo dixeron.

—Quen llo dixo?

—A miña señora, mais xa non está.

Non houbo maneira de tirarlle máis detalles. Sempre teimaba co mesmo e non acababa de soltar o segredo. Ao parecer, todo era moi fácil: ir ao bosque, apañar a madeira dunhas árbores que enxertara a súa muller, mudar as barricas de cando en vez; iso era todo.

Á mañá seguinte, un dos comerciais que probara os viños avisou á oficina de denominación de orixe e viñeron tres expertos que ficaron abraiados ante aqueles caldos maravillosos. Faláron coa asistencia social e o alcalde.

—Se o tiramos da horta e o levamos á residencia, se cadra quedamos sen viño.

—A ver, como podes dicir iso, ho...? Imos ver. Punto número un: o vello hai que enganalo e tiralo da horta. Está como as maracas de Machín e o día menos pensado deixa de facer viño. Punto número dous: se o sacamos da horta non imos quedar sen viño... Hai unha ciencia que se chama enoloxía, non sabes? Non vivimos no século pasado, meu rei. Agora os viños analízanse e mellóranse cientificamente. Se o vello fixo unhas barricas de non sei que árbore, xa saberemos de cal; se o vello engadía unha tal substancia, descubrímolos e botámolos nós. Eu penso que é mesmo unha vantaxe sacalo da casa, así poderemos pesquisar na súa cova e entre os seus papeis, e producir o viño de maneira racional e colectiva. Cómpre termos este viño no mercado.

Os técnicos faláron co médico, co cura, coa asistente social, coa residencia. Buscaron parentes do vello e da vella e non deron con ningún. Logo tomaron a decisión de ir buscalo e convencelo.

O médico e o alcalde consideraron que xa era hora de sacalo da casa. Ían cos seus argumentos, coas súas ideas cheas de razón: «Non podemos admitir que un vello malviva só

nunha casa fría e illada, onde medra unha árbore e cunha instalación eléctrica moi antiga».

—Como se chama esta enfermidade?

Non había descrición para tal enfermidade en manual ningún. Había vellos que vivían rodeados de lixo, outros de obxectos que ían amoreando até que os ían botando das habitacións e da casa. Porén, aquel vello só deixara que a horta invadira a casa, que as cousas da súa muller permaneceran vivas e presentes, como se ela aínda vivise. E estaba perfectamente san. Non incordiaba a ninguén. A soidade protexéao e illáao do resto do mundo, e o mundo en que vivía era un universo suficiente.

Cando chegaron, a casa estaba fechada e ninguén abriu. Houbo que botar a porta abaixo, mais dentro non encontraron o vello. O alcalde e o médico teimaban no mesmo discurso proferido na reunión do concello, que se resumía en poucas palabras: «Non podemos consentir que siga vivindo desta maneira».

O vello non apareceu. Un dos comerciais fixólles saber que o ancián falara dunhas sementes que recollía nos días de vento norte, que era o vento que os despertara esa mañá. Seica as sementes viaxaban nuns papillos moi lenes que el encontraba prendidos nas copas das árbores cos primeiros ventos do outono.

Agardaron a que o vello volvese, mais nunca regresou.

O comercial máis antigo resolveu, alterado:

—Pois eu non podo ficar aquí todo o día e até pasado mañá. Vaiamos a polas barricas da adega e así polo menos xa temos algo.

Tardaron case unha hora en tirar aquelas barricas medio apodrecidas, que deitaron na metade do prado mentres o comercial e o seu axudante preparaban a camioneta. Cando voltaron por elas, o viño escorregaba polas fendas das barricas, xa medio desfeitas.

—O sol e o aire vanas converter en po.

Entre os comerciais, os técnicos e o alcalde quedaron con duascenas garrafas de licor de prado e de viño. Bebéronas pouco a pouco e seica lles mudou a cor dos ollos.

Deixaron a casa fechada, tal como a acharon. «Xa voltará o vello», dixeron, «xa regresará e lle sacaremos toda a información».

O comercial máis novo dediciu ficar no hotel da vila. Todas as mañás e todas as tardes pasábase polo casar do vello e visitaba a asistente social ou os concelleiros, e todas as seráns sentaba na cantina agardando por el, e conforme máis se achegaba o inverno, máis tristura medraba no seu interior.